



.....

**Xornada**

# **O idadeismo, discriminación por mor da idade**

.....

**Auditorio Municipal Manuel María**  
O Carballiño  
Martes, 8 de febreiro de 2022

**Colabora**



Na nosa sociedade discútese cando unha persoa se pode considerar madura ou maior, cal debe ser o alcance das políticas de envellecemento activo ou sobre a lexitimidade das xubilacións forzosas. Estas polémicas teñen reflexo nas normas xurídicas e interpretacións xudiciais como as que determinan que a tutela non sexa equiparable a outras causas de discriminación, pois conciben as medidas de apoio das persoas maiores desde a perspectiva do seu mellor interese, e non necesariamente desde a súa vontade, desexos e preferencias.

Os prexuízos socioculturais asociados a certas idades asúmense como normais, coa conseguinte invisibilidade de situacións derivadas, entre as que hai que destacar a xurídica xa que a idade non se viu recoñecida como causa de discriminación até hai moi pouco.

Daquela, a idade semella ser a causa de discriminación máis degradada por mor das súas excepcións, ou a irmá pobre de todas as causas de discriminación e a que recibe, xa que logo, unha menor protección. Os estereotipos son a porta de entrada do estigma, do etiquetado e da conduta discriminatoria a respecto das persoas maiores.

Perante as condutas idadeistas, debemos recuperar o enfoque de dereitos humanos que se atopa nos alicerces dos Principios das Nacións Unidas a prol das persoas de idade, de 1991, que proclaman "un trato respectuoso e digno, inherente ao ser humano, para con todas as persoas maiores" e abordan, como cuestións centrais "a independencia, a participación, os coidados, a auto realización e a dignidade". No caso doutros xeitos de discriminación como a raza, o sexo ou a discapacidade, chegouse a acordos de ámbito universal, mais trinta anos despois, estes principios seguen sen ser obxecto dun convenio global, mesmo que serviran de inspiración ás lexislacións internas de varios países.

Dentro do convenio de colaboración asinado pola Valedoría do Pobo e o Consello da Cultura Galega consideramos necesario abordar as novas circunstancias xeradas polo fenómeno do idadeismo sobre un proceso natural: o avellentamento, para que sexa digno e saudable.

# Programa

---

16:30 horas

Inauguración

**Rosario Álvarez**, presidenta do

Consello da Cultura Galega

**Dolores Fernández Galiño**, valedora  
do Pobo

**Francisco Fumega**, alcalde do  
Carballiño

16:50 horas

Conferencia

*A discriminación por idade: o  
idadismo*

**Dolores Fernández Galiño**, valedora  
do Pobo

17:30 horas

Faladoiros

Presenta e modera: **Rosa Arcos**

**Caamaño**

- 17:0 horas

*Os dereitos das persoas maiores*

**Andrés Vázquez García**, estudante do  
grao en Dereito da Universidade de  
Santiago de Compostela

- 18:00 horas

*Discriminación interseccional:  
mulleres maiores*

**Jaime Cabeza Pereiro**, catedrático de  
Dereito do Traballo, UVigo

- 18:20 horas

*Discriminación interseccional:  
colectivo LGTBI*

**Federico Armenteros**, presidente da  
Fundación 26 de Decembro

- 18:40 horas

*Discriminación interseccional:  
aprendendo a avellentar*

**Xaime Fandiño**, promotor do  
proxecto de Innovación Social  
Interxeracional: Deteriorados

19:00 horas

Coloquio

19:15 horas

Clausura

### **Organizan**

Consello da Cultura Galega  
Valedora do Pobo

### **Colabora**

Concello do Carballiño

### **Coordinan**

Rosa Arcos Caamaño  
María Xosé Porteiro García

### **Lugar**

Auditorio Municipal Manuel María  
Avda. do Balneario, s/n.  
O Carballiño

### **Inscrición**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado e cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Podes realizar a túa inscrición en: [www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

### **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



#### **Organiza:**



#### **Colabora**

